

O ENSINO E A APRENDIZAXE DAS NORMAS E VALORES SOCIAIS

Unha aproximación ó estudio do comportamento agresivo infantil

Manuel Baña Castro

Ramón González Cabanach

Erundina García Leiras

Escola Universitaria F.P.E.X.B., A Coruña.

ALGUNHAS PRECISIÓNS EN TORNO Ó CONCEPTO DE AGRESIVIDADE

A agresividade e as súas posibles derivacións foi un tema que sempre preocupou á humanidade, debido ás consecuencias e características que presentan as condutas que se entenden pola mesma. Unha posible definición sobre a agresividade é a que fai referencia a esta como a conduta ou actitude, consciente ou inconsciente, con finalidade de provocar lesión, dano ou destrución noutras persoas ou nun mesmo. Moitos estudiosos intentaron averiguar os factores desencadeantes ou as causas que producían a agresividade, non só dende puntos de vista distintos, senón tamén dende distintos campos científicos e con obxectivos dispares. Imos presentar, a continuación, unha serie de perspectivas que engloban estes diversos estudos e que, á vez, presentan explicacións, causas e factores que intentan averiguar, como aparece e a que se debe a aparición da agresión.

Dende o que podemos considerar como un punto de vista neurofisiolóxico, diversos investigadores intentaron explicar e averiguar cales son os mecanismos responsables da aparición da agresividade, tal como a súa localización no funcionamento cerebral; algúns destes estudos foron realizados con animais (entre eles, os gatos), con resultados que poñen de manifesto que a estimulación do hipotálamo lateral dá lugar a dous tipos de agresividade: unha, a que denominan como afectiva, que produce un ataque afectivo ou rabioso; e a segunda, a que denominan como calmada, tamén chamada, pola súa orixinalidade, como conduta de caza. Estas e outras investigacións neurofisiolóxicas realizadas en humanos (*véxase*, por ex.: Herd, 1972, e Levi, 1975) poñen de manifesto a relación que ten o hipotálamo coa motivación e a emoción, órgano no que tamén se pode provocar ata un puro pracer; estes mesmos estudos tamén nos fan ver a importante relación que teñen outras estruturas cerebrais, como

as límbicas do cerebro anterior, a amígdala e o septum, en canto á aparición das condutas agresivas, así como o relevante papel que ten o córtex cerebral nas respostas impulsivas e nas emocións.

Dende unha perspectiva social, tiveron moito interese os estudos que se centraron sobre o carácter innatista ou adquirido que pode ter a agresión, o que dalgún xeito fai referencia á súa existencia en tódalas especies animais; debido ó seu grao de innatismo ou adquisición, poderíase contempla-la distinta natureza da intervención sobre ditas condutas, co fin de evita-las consecuencias problemáticas que causan na sociedade onde aparecen. Algúns investigadores defenderon o carácter instintivo da agresividade, e argumentan a confluencia que se dá entre as distintas especies animais, aparecendo continuamente ó longo da historia do home e, así mesmo, nas primeiras etapas de vida do neno; ademais, segundo estes autores, a agresividade ten unha presenza importante na loita pola supervivencia en tódalas especies animais. Unha corrente psicolóxica que defende esta perspectiva é a freudiana, que considera a agresividade como un subproduto do instinto de morte e de supervivencia da especie humana.

Dende a perspectiva innatista, diversos autores intentaron localizar unha explicación xenética; así, entre outros, Theilgaard (1983) estudiou unha vez máis a presenza do genotipo que podería explica-la aparición da agresión

nos seres humanos; con esta intención, os seus estudos abundan na explicación de que o xenotipo *XYX* está relacionado coa conduta violenta; sen embargo, a súa predicción non é suficientemente válida, xa que as frecuencias atopadas xiraban ó redor dun 1 ou 2% da presenza deste xenotipo en persoas consideradas, socialmente, como violentas.

Dende un punto de vista psicolóxico, realizáronse unha serie de estudos no laboratorio sobre a frustración en adultos, e a súa posterior conduta de descarga ou agresión; os seus resultados poñen de manifesto a relación entre a aparición de condutas agresivas e a frustración que se pode xerar nestes adultos. Bandura (1973) intentou analiza-la importancia que ten o modelado na adquisición de condutas agresivas, e os seus estudos mostran como os nenos que adquiren estas manifestacións, moitas veces fano a través da imitación ou do modelado dos seus adultos, ou a través de certas condutas que perciben como exitosas ou potenciadas socialmente; segundo Bandura, a observación de modelos agresivos produce a aparición de condutas agresivas. Neste senso, tamén Goldstein e Colbs (1978) estudia-ron a agresividade fóra do laboratorio, e obtiveron resultados parecidos.

Por outra banda, Berkowitz (1977) afirma que en contra do que se pensa sobre a catarse que pode causar no individuo a observación de condutas violentas, provocando neste unha liberación indirecta e inofensiva de agresividade

de, na realidade prodúcese o efecto inverso, acelerando ou incrementando a aparición de novas conductas de agresión, xa que a agresividade produce nova agresividade, tendendo a facerse, no individuo, regular, inmediata e sen intención ou esforzo por parte de quen a realiza; isto xustifícase en base a que a conducta de dúas persoas entre si tende a ser simétrica ou paralela, establecendo interaccións nun mesmo nivel, que aseguren a comunicación. Así pois, podemos dicir que a agresividade ten un forte compoñente social, que non só a caracteriza senón tamén, moitas veces, é a causa da súa aparición.

A importancia do ambiente na manifestación da agresividade ven tamén afirmada polos estudos etnolóxicos; Mead (1978) describe ós Mundugumor (tribo de África Central), como a unha tribo que basea as súas relacións interpersoais no desprecio e na animosidade; así mesmo, Benedict (1971) fala dos Zunin como unha tribo que establece o seu sistema tribal en base a valoracións étnico-morais, fundamentándose nas afirmacións máis agresivas dos seus membros. Podemos dicir, en conclusión, que a agresividade ten un forte compoñente social, que non só a caracteriza, senón que, moitas veces, causa a súa aparición.

O CARÁCTER EVOLUTIVO DA AGRESIVIDADE INFANTIL

Algunhas correntes psicolóxicas consideran que a agresividade é un perí-

odo pasaxeiro ou unha parte secuencial do desenvolvemento evolutivo do individuo; unha destas correntes, a psicanálise, considerou e valorou como importante a aparición da agresividade no desenvolvemento do ser humano; unha das súas representantes, M. Klein (1967), acepta a existencia dun sentimento de amor e odio, na loita que realiza o neno nas súas primeiras etapas de desenvolvemento. Unha concepción psicanalista clásica da agresividade defende que o obxectivo único que persegue esta, é o de destrución do obxecto; sen embargo, Hartmann (1969) non acepta esta concepción, e distingue catro tipos de proceso modificadores do impacto agresivo, que son: o desprazamento a outros obxectos, a sublimación de enerxía agresiva, a implicación e a libido. Non imos entrar a explicar algo tan complexo como a teoría psicanalítica, senón deixar constancia de que, na mesma, a agresividade é importante para o desenvolvemento do neno.

Algúns autores, tales como Levobici e Roumajon (1960), afirman que as manifestacións de agresividade do neno teñen un carácter unívoco, monótono e evolutivo; no neno aparece a agresividade como unha reacción fronte ás condicións externas e obxectivas do ambiente e ás imaxes pouco internalizadas; neste senso, o comportamento agresivo entra dentro das sucesivas comunicacións que se realizan entre a nai e o fillo, e así a agresividade do neno maniféstase dende primeiras idades, co obxectivo de autocontrol e afirmación sobre o seu ambiente físico e social exterior; este

control sobre as situacións do seu contorno, seguen dicindo Levobici e Roumajon, ten unha gran importancia no desenvolvemento do neno e na súa socialización. Cando o neno é pequeno, chora para satisfacer as súas necesidades; cando é un pouco maior, aprende que xunto ós choros hai conductas que poden axiliza-lo cumprimento dos seus desexos, como patear ou dar golpes; estes métodos agresivos que utiliza para expresarse están en función da resposta que dan os pais e outras persoas.

A medida que o neno medra, se hai conductas agresivas ou aspectos destas que son recompensadas, tenderán a repetilas; mentres que outras que non son reforzadas, tenderán a ser eliminadas. Desta forma, nos primeiros anos o neno utiliza como expresión máis frecuente os estalidos de cólera acompañados de actividade motora; pode aprender que estes son os medios máis efectivos para conseguilo que quere. Máis adiante, aprende que as respostas motoras directas (colle-lo obxecto desexado) acompañadas de petición verbal, son máis efectivas; neste caso, na nosa sociedade é máis frecuente que a conducta agresiva sexa aceptada ca rexeitada (ou incluso estimulada) en nenos varóns ca nas mulleres, polo que os comportamentos agresivos tenderán a manifestalos máis os nenos cás nenas.

Ademais, podemos observar como os nenos soen reaccionar máis violentamente, ante situacións nas que lles impoñen actividades a realizar, cando

non ven os obxectivos que se perseguen coas ditas actividades; así mesmo, tamén hai situacións que fan ó neno ser proclive a mostrarse violento, como aquelas nas que se poida sentir estraño, cansado, incómodo ou enfermo, situacións que xeran nos nenos frustracións, que facilitarán a aparición de conductas agresivas. Estas adquirense, as veces, por reforzo directo, ou ben por reforzo indirecto dos pais; a este respecto, diversos estudos puxeron de manifesto que a agresividade en adultos está relacionada coa cantidade de castigos físicos sufridos por parte dos pais na infancia, os cales soen producir individuos violentos, submisos e medosos, xa que os castigos físicos crean unha conciencia de culpabilidade, autoagresión e estados de inseguridade.

Sobre estes castigos físicos é necesario sinalar que hai unha serie de factores que fan que estes poidan provocar frustracións, que, nunha seguinte fase, darán lugar a descargas en forma de conductas agresivas ou violentas; estes factores que producen frustración son, entre outros, a interpretación da intencionalidade do castigo, a conducta posterior do agresor, o control do dano, as características do agresor e da situación na que se produce, e por último, o estado interno da vítima. A mellor forma de intervir sobre estas conductas, dende un punto de vista educativo, é a de establecer un control sobre a aparición dos comportamentos agresivos, que repercuten directamente sobre a aprendizaxe das conductas violentas; estes principios

que temos que seguir á hora de actuar sobre a manifestación dos devanditos comportamentos, son: *a)* non reforza-la conducta agresiva, *b)* elimina-las frustracións ou actitudes e as conductas que as xeren, *c)* eliminar obxectos e situacións asociadas ás mesmas, *d)* dar alternativas ás conductas violentas e de resposta ás mesmas, *e)* ensinar como evitar ou supera-lo castigo físico, e *f)* evitar situacións que fagan sentirse, ó neno, inseguro e perdido.

Outra das variables que inciden na aparición de conductas violentas son as manifestacións e actitudes producidas polos pais, xa que, como afirma Bandura (1982), experimentalmente comprobámo-la importancia que ten a imitación infantil de modelos agresivos, observando as semellanzas que existen entre o modo de conducirse os pais e as manifestacións que realizan os seus fillos. A este respecto, é necesario que os pais exerciten un autocontrol e sexan razoablemente firmes e consistentes para controla-la agresión dos nenos, tendo sempre presente o estado emocional e físico do neno, aínda que este non pode nin debe ser utilizado como xustificación das súas conductas.

A EXPRESIÓN DA AGRESIVIDADE Ó LONGO DO DESENVOLVEMENTO DO NENO

O neno, a través do seu corpo, realiza unha comunicación non só co mundo que o rodea, senón tamén de cara a manifesta-los seus estados emocionais

e expresivos; dende moi curta idade, o neno presenta conductas motrices cunha carga agresiva, como sucesivas descargas dos seus estados emocionais. É a partir dos doce meses cando empeza a mostrar conductas heteroagresivas, alcanzando estas, ó redor dos catro anos, unha manifestación maior nos nenos ca nas nenas.

Milebamane (1975) atopou conductas afectivas infantís antes da idade preescolar (en forma e frecuencia de xestos, palabras e manifestacións); ós dous anos, nos nenos dábase unha frecuencia maior na iniciativa en mostra-la súa afectuosidade a outros; dende os catro anos, as manifestacións verbais son máis numerosas cás motrices, sendo os xestos indicadores de agresión máis numerosos nos nenos ca nas nenas.

Por outra banda, Goodenough (1961) observou o cambio que se producía nas manifestacións violentas ó longo dos anos do neno, e descubriu as seguintes expresións: no primeiro ano de vida, a cuarta parte das rabechas prodúcense durante os coidados habituais; outra cuarta parte son consecuencia de males-tares físicos secundarios, e dos inconvenientes que se producen ante os movementos corporais que son a causa do 6% de choros e espernexos. Ós 2 anos, unha proporción elevada de manifestacións agresivas suceden cando se realizan hábitos físicos correntes, sendo a segunda causa os conflitos creados coa autoridade materna. Ós 3 anos, é a idade dos conflitos de autoridade, que son os principais causantes das dificultades so-

ciais do neno, aparecendo, por primeira vez, as dificultades cos compañeiros. Cara os catro anos, prodúcense accións de crise con ocasión da aparición de dificultades e conflitos de xogo cos compañeiros; os conflitos de autoridade alcanzan o seu maior grao (unha terceira parte dos observados). Así mesmo, dos catro anos en diante, as dificultades propias que aparecen na relación social son máis prominentes; as condutas violentas aparecen posteriormente ó atopar obstáculos nas súas accións, plans, etc.

Para Wallon (1965), estas condutas violentas poden tomar dous rumbos distintos; un centrípeto, cara a un mesmo, onde predomina a angustia; e outro proxectivo cara ós demais, no que participa o factor ambiente, sendo esta a conduta máis socializada (evolucionada). Neste senso, a agresividade é un potencial enerxético, da que a base ou factor cero é a pasividade; a este respecto podemos ver como no desenvolvemento do neno aparecen tres tipos de agresividade: a inmediata, a diferida e a socializada. Estes tipos de agresividade son utilizados na linguaxe como instrumento de comunicación, cando se expresa un estado característico do neno ou unha manifestación do mesmo.

O mundo dos menores de cinco anos é con frecuencia agresivo, pero só algunha vez é violento, sendo con máis frecuencia un campo de xogo ca un campo de batalla; os nenos pequenos poden volverse medosos en extremo en situacións que os adultos, acostumados ás re-

alidades máis brutais, contemplan como naturais ou amistosas. Para determina-lo estado de medo ou angustia dun neno, é necesario coñece-lo sistema de signos que acompañan os devanditos estados; normalmente os nenos teñen loitas amistosas, que tal vez sirvan para evitar grandes batallas; a diferenza entre o tipo de loita libre e amistosa e os encontros hostiles radica nestas expresións do neno; xeralmente os nenos anoxados teñen caras rixidas e tensas, demostrando o seu enfado a través dos ollos, beizos e cellas, namentres que os nenos que desenvolven tipos de loita amistosa teñen a cara relaxada e xovial, coa boca aberta, e non hai tensión nas súas faccións.

Xeralmente, estas rifas amistosas soen darse nos nenos con frecuencia en xogos colectivos que requiren unha certa cantidade de actividade; esta actividade alcanza o seu clímax e, despois, se non intervén o adulto, a actividade vai decrecendo paulatinamente; estes tipos de condutas indican niveis de agresión controlados. A miúdo, este tipo de loitas realízanse por xoguetes, xogos, sitios, etc., cando o neno é menor de catro anos; pero cando sobrepasa esta idade, os nenos practican con máis intensidade a actividade de loita, sendo esta máis pacífica no sexo feminino; a este respecto, as nenas soen ser menos agresivas e máis sociais cós nenos.

Por outra banda, é erróneo intentar deter este tipo de loitas, xa que axudan a manifestarse ó suxeito, e a establecer novos elementos de interacción

social cos outros semellantes; realizan toda unha serie de manifestacións a través das cales se expresa o neno; entre elas, o movemento de golpear é un elemento utilizado comunmente polos nenos pequenos, e forma parte da súa linguaxe corporal. Despois dos cinco anos, os xestos de golpear vanse modificando e adaptándose ás regras sociais; o elemento ruidoso de ameaza vaise reducindo gradualmente, ata que perde o senso ofensivo de forma manifesta. Ó respecto, a conducta agresiva soe ser violenta cando vai acompañada de angustia, aparecendo como dous aspectos dun mesmo problema; e neste senso, antes de castigar a un neno 'camorrista', debiamos indagar coidadosamente os posibles estados de angustia que poidan estar provocando os seus frecuentes accesos de violencia.

A IMPORTANCIA DA EDUCACIÓN FAMILIAR NA APRENDIZAXE DAS NORMAS E VALORES CON RESPECTO Á APRENDIZAXE DE COMPORTAMENTOS AGRESIVOS

En tódalas conductas, os pais deben socializar ou posibilitar que os nenos vaian aprendendo as normas e valores que lles sirvan para integrarse no seu ámbito social; respecto á agresión, a educación consiste en potenciar que o neno exerza mecanismos de control sobre as súas conductas agresivas e os posibles desexos de lastimar ou maltratar a outros. Por unha banda, as actitudes de cara ós sentimentos agresivos varían dunhas culturas a outras, e polo tanto,

tamén varía a maneira de abordalas mediante as prácticas educativas. Por exemplo, podemos ver como entre os nativos Painte dos Estados Unidos de América a conducta agresiva está moi penalizada, e os nenos son severamente castigados se lastiman a outro neno, ou incluso a un animal; noutro extremo, está a tribu dos Sinono de Brasil, que alenta ós nenos a pelexar entre eles coa forza dos seus puños, arcos e frechas; nun punto intermedio, atópanse os Uktu Eskunus da Bahía de Hudson, onde os pais descoñecen e ignoran a agresividade, e como consecuencia, os nenos a penas mostran conductas agresivas.

A expresión da agresión tamén varía coa idade, xa que ós 3 ou 4 anos os nenos son máis propensos a mostrar conductas violentas con outras persoas; en preescolar, xa mostran conductas de agresividade, física e verbal, contra outros, e son máis propensos a coller cousas dos demais. Neste senso, hai unha serie de características persoais do neno que inflúen na aparición e frecuencia destas conductas, tales como se experimenta ó ser atacado ou enfrontado a algo ou alguén, diversas situacións ou sucesos particulares, etc; a experiencia do pasado tamén ten incidencia, coma no caso en que os nenos foron reforzados por accións agresivas, ou ben tiveron oportunidade de observar ou imitar actos agresivos (dos pais, compañeiros ou na televisión), ou ben características afectivas dos propios nenos (autoimaxe, desenvolvemento persoal e social)

Xa máis grande, un neno aprende que non tódolos seus desexos poden ser satisfeitos polos pais; poida que exista unha conducta de rexeitamento a aceptar esta aprendizaxe, e entón xorde a frustración e certo anoxo patolóxico. Se esta conducta segue canles axeitadas de manifestacións espontáneas que lle permitan aliviar esa tensión interiorizada, o neno poderá superala cunha certa facilidade; sen embargo, se a interiorización non ten unha vía de escape, pode chegar a desenvolver actitudes esaxeradas de peche e autoconvencemento, que poden trastornar tanto o funcionamento dun neno que distorsione a apreensión da súa nova realidade creada.

Hai varias explicacións sobre a aparición da agresión, ou súa expresión; unha das que foi consideradas como moi importante é a da hipótese da frustración, segundo a cal a agresión é unha resposta consecuenta coa frustración que sofre un suxeito. No desenvolvemento do neno danse varias experiencias frustrantes, algunhas externas (impedimentos físicos), e outras internas (temores, medos, etc.). Jersild (1969) e Johnson (1972) observaron a nenos de escolas de párvulos, e comprobaron que os nenos mostran máis conductas agresivas cando se ubican nun espacio reducido, onde uns dificultan as actividades dos outros, co que se produce entre eles frustracións; a intensidade da reacción dos nenos variaba en función dunha serie de factores, tales como as características da personalidade, a dependencia ou independencia da estrutura do grupo de xo-

go, e as experiencias de agresividade que teñan do seu ambiente familiar.

Así pois, se a expresión ou inhibición dunha conducta agresiva depende do resultado que teñan as prácticas educativas e da socialización do neno, en preescolar, unha influencia moi importante ven derivada da educación familiar; Lewin (1965) e Zulliger (1979), nunha serie de estudos sobre nenos agresivos en ambientes familiares, atoparon que tódolos membros da familia destes nenos mostraban conductas moito máis agresivas cás dos propios nenos; na maioría dos casos, a conducta aversiva dábase como resposta á dos demais compoñentes da familia. Neste senso, as conductas agresivas dos nenos dábanse repetitivamente en lapsus cortos de tempo, xa que unhas alentaban a aparición doutras, incrementando a probabilidade de aparición das mesmas. Así mesmo, os pais influían na aparición de conductas violentas dos seus fillos, aínda que fose de forma inconsciente, unhas veces recompensando, e outras castigando este arranque agresivo, falla de consistencia que en vez de reduci-la conducta agresiva, incrementábaa.

DETERMINANTES DA INTERACCIÓN PAIS-FILLO NA APARICIÓN DA AGRESIÓN

Cando falamos da relación pais-fillo, estamos referíndonos á relación educativa que se establece nos primeiros anos de vida dun neno, e que vai determina-la apreensión da realidade e a súa



comunicación cos demais seres ou iguais, xa que as primeiras relacións que o neno establece cos seus semellantes son importantes para o desenvolvemento do mesmo (Vygotski, 1973; Werstch, 1989), caracterizando as súas posteriores aprendizaxes. Aquí, imos facer mención de dúas dimensións moi coñecidas que poden caracterizar as relacións entre os pais e os fillos: unha, a que poderíamos expoñer como un continuo entre afecto-hostilidade, e outra definida pola relación que entre eles pode ser caracterizada, e determinada polos pais, como de restricción-tolerancia.

Ó respecto, algúns estudos (Milgrand, 1980) mostran que os fillos de pais hostís tenden a presentar condutas ou actitudes de hostilidade e agresión; así mesmo, os fillos de pais restrictivos tenden a ser inhibidos, namentres que o fillos de pais tolerantes polo xeral serán desinhibidos. A interacción entre as dúas dimensións pode ser moi interesante; por exemplo, un fillo dun pai hostil e restrictivo e un fillo dun pai hostil e tolerante definirán a súa agresión da seguinte maneira: o primeiro, posiblemente, transferirá a agresividade a compañeiros e iguais, namentres que o segundo, manifestaraa directamente sobre os pais.

A continuación, observáremolas posibles repercusións que teñen estas interaccións sobre o desenvolvemento de condutas agresivas por parte dos fillos, e os seus probables efectos; así, o fi-

llo dun pai afectuoso e tolerante posiblemente se mostrará como un neno afectuoso e tolerante, independente, comunicativo e seguro, e como pouco hostil cara a outras persoas. Tenderá a ter condutas agresivas, irrespetuosas e desobedientes, pero non son o reflexo de ira, frustración ou hostilidade, senón que aparecerán e desaparecerán con facilidade. Por outra banda, un fillo dun pai afectuoso e restrictivo terá propensión a ser máis dependente, menos amigable e creativo; a súa perseverancia oscilará entre moi alta e moi baixa, soendo ser conformista e ordenado, e non mostrará competitividade nin agresión cos seus compañeiros.

Os pais hostiles e tolerantes xeran nos nenos resentimento e contra-hostilidade, que expresarán ou representarán; neste senso, diversos estudos (Eysenck, 1967; Izquierdo, 1980) mostran a nenos moi agresivos, que teñen pais tolerantes pero que aplican severos castigos, o que, segundo estes estudos, os dotará dunha alta probabilidade de chegar a ser delincentes xuvenís. Entre a mostra de fillos de pais restrictivos e hostís, soe atoparse unha maioría de nenos neuróticos, xa que o neno, ó carecer de liberdade e ser castigado con frecuencia, sente hostilidade polo pai, pero non pode expresala; isto faralle internaliza-lo seu resentimento e volvelo contra o seu propio Ego, producíndolle transtornos e conflitos, que nun caso moi grave poden conducilo ó suicidio; este tipo de neno soe ser tímido, desconfiado e ten

dificultades para relacionarse cos demais.

A EDUCACIÓN ESCOLAR E A AGRESIVIDADE INFANTIL: O PROBLEMA DO VANDALISMO E AS MANIFESTACIONS VIOLENTAS

En moitas ocasións, os causantes da maioría das conductas agresivas son os propios compañeiros de xogo libre, deportes ou outras actividades que o neno realiza; despois da familia, é a escola a que ocupa un papel importante na vida do neno, polo que é onde se poden observar, máis a cotío, as expresións de conductas violentas ou agresivas do mundo infantil. En moitos casos, aprenden, incluso, habilidades específicas de agresividade, xa sexa por reforzamento, observando como os compañeiros adquiren poder sobre os outros mediante agresión, ou ben por imitación, seguindo os modelos destas persoas que triunfan entre o grupo de iguais. Sen embargo, este mesmo grupo serve para controla-la agresividade, xa que nas súas interaccións cos demais nenos, poden descubrir que para chegar a puntos de acordo é máis importante e conveniente razoar co compañeiro ca golpealo e, como resultado, ser sancionado.

É aquí, na etapa escolar, onde xoga un papel moi importante a socialización do neno, non só de cara á súa adaptación e integración social, senón tamén porque a partir desta idade a agresión parece conservarse como unha característica establece e duradeira

(Amado,1971); neste senso, os nenos que son máis agresivos cos compañeiros entre os 6-10 anos son máis propensos ca outros a alporizarse e a manifestar unha actitude agresiva na idade adulta. Na escola, a educación normativa e a dos valores debe desempeñar un papel esencial, potenciando unha relación cos nenos baseada na consistencia e na firmeza, propoñendo esixencias razoables acordadas nas que os alumnos vexan a importancia do establecemento e utilización de regras para poder realizar tódalas actividades sociais que se desenvolven nela, e que van a posibilita-la aprendizaxe dos contidos culturais da súa sociedade; como dicía Makarenko (1977), "... a disciplina debe se-lo resultado da educación...", algo que debe de ensinarse co obxectivo de integra-lo individuo nese mundo de normas e valores cara ó que a escola proxecta os seus obxectivos.

Deste xeito, a nosa sociedade valora o control das emocións, permitíndolle ó individuo expresalas ata os nove anos; na adolescencia, ó adulto xa lle esixe un maior control e non lle permite escaparse del; e cando se é adulto, unha agresión é considerada como unha conducta pouco madura ou mal adaptada; é unha loita contra a integración social. Sen embargo, a agresión tamén pode ser unha chamada de atención, un mecanismo de obter relación ou comunicación con alguén; neste caso os nenos soen ser desconfiados, non renden, e non teñen éxitos sociais; moitas veces provocan o caos nas aulas onde están; e neste senso,

as medidas disciplinarias son inútiles e ineficaces. Este tipo de neno agresivo é un suxeito agustiado, que trata de aliviar esa angustia mediante o reforzo da súa autoestima, aparecendo en situacións chamativas como protagonista; sen embargo, antes de consideralo como síntoma de perturbacións, hai que ter en conta a frecuencia e intensidade dos seus actos, se responden a unha experiencia particular, se son realizados en grupos ou illadamente, etc. Hai actos que poden ser considerados por si sos como conductas desadaptadas, e outros que non poden ser tidos en conta á marxe da conducta total do neno.

O COMPORTAMENTO AGRESIVO E/OU VIOLENTO NA ESCOLA

Un dos maiores problemas que se suscitou á hora de estudiala agresión, foi a violencia que soe caracteriza-la vida escolar de certos nenos; a agresividade infantil e a agresividade escolar foron durante moito tempo admitidas e ata estimuladas tanto pola sociedade coma polo medio familiar, e deste xeito podemos observar como moitas veces cando un neno foi obxecto dunha agresión sufrida, a resposta do adulto ante a súa demanda de amparo ou protección é a de que utilice a lei do talión: "dálle ti máis forte".

A infancia vive nun mundo onde a violencia é un fenómeno familiar, potenciada dende a propia sociedade pola loita exterminadora da competencia; esta unión entre a agresión e a competencia, crea unha tensión constante que

produce un padecemento psíquico no neno, tanto na súa vida familiar coma na escolar; é o medo quen os transforma en nenos extrapunitivos, agresivos e violentos. Diversos estudos (Johnson, 1972; Lewis, 1975) testemuñan que o carácter agresivo xuvenil ou do preadolescente é o resultado dunha longa serie de transformacións pedagóxicas; por exemplo, a represión dos impulsos espontáneos atopará na expresión violenta a súa descarga e manifestación encuberta. Deste xeito, segundo os traballos de Lorenz (1976), entre as frustracións posibles que xeran máis agresividade, é a da dor a que ocupa o lugar máis destacado, pero esta pode ser substituída por unha educación agresiva; afirma este autor que "...tódolos meus experimentos con animais demostran que a criatura vivente non é mala por natureza.. só unha educación destructiva pode conducila á maldade" e noutro lugar ... "o carácter especificamente pacífico pode chegar a ser aprendido, tanto nos homes coma nos animais..."

Nesta educación, Montagu (1978) expón que na imitación da agresión non é o acto violento en si o que atrae a atención do neno, senón máis ben son as respostas favorables que o modelo a imitar está obtendo por parte do medio no que actúa, o que fai que o neno se interese por ditas conductas; a boa aceptación social da agresividade servirá como estimulante da imitación.

Por outra banda, a violencia escolar é unha das características da agresividade que maior preocupación

orixinou na nosa sociedade, por estar asociada á agresividade infantil e por ser unha forma de agresión das máis presentes na nosa vida social, ó orixinar grandes tensións na vida das aulas. Debido a isto, sempre se lle dá moita publicidade e importancia, así como unha gran difusión nos medios de comunicación; así, podemos observar como no ano 1983 se orixinou unha gran preocupación social, como consecuencia da denuncia dos profesores dos Estados Unidos de Norteamérica e de Suecia, debido ó gran aumento da violencia que se rexistraba nas súas aulas.

Os estudos sociolóxicos tenden a utiliza-lo factor de crise económica para explica-lo fenómeno da aparición da violencia nas aulas, así como a sumisión que teñen que realiza-los estudantes e a ameaza encuberta ou a ausencia da posibilidade de realizar protestas. Nalgúns estados, entre eles o español, fálase máis de vandalismo escolar ca de violencia, para referirse ós destrozos periódicos e frecuentes que aparecen nas instalacións escolares; este suceso, aínda que foi superficialmente estudado, responde a múltiples razóns, entre as que podemos destacar algunhas: unha das razóns defendidas é a de que o vandalismo se debe a un rexeitamento da institución escolar por parte dos adolescentes de barrios nos que a educación que se imparte nas escolas non é minimamente gratificante nin adaptada á realidade das súas vidas. Outra razón que esgrimen os estudiosos do tema é a que se refire ó medio urbano, debido a que non existen nel zonas

verdes nin centros deportivos nin espectáculos, ou clubs xuvenís ou asociacións culturais, e ó non haber nin espazos onde organiza-las actividades libres e de ocio, nin organizacións que as canalicen, os nenos van creando unha angustia que repercutirá na súa violencia cara ó edificio escolar, causa das actividades que se realizan nel, pouco gratificantes para eles.

Unha das manifestacións máis relevantes da violencia escolar é aquela que se dá ou realiza dentro das aulas, e na que os profesores son testemuñas directos da mesma. A este respecto, en Inglaterra, Gales e Escocia, nos pasados anos, un sector do profesorado queixábase da crecente agresividade dos escolares nas súas aulas, reivindicando o dereito de utiliza-lo castigo corporal; o Sindicato Nacional de Profesores solicitou ó goberno unha regulamentación máis dura en contra dos alumnos e os pais que agredían os profesores; este Sindicato, composto por uns 90.000 profesores, pedía ó goberno protección contra as agresións dos seus alumnos e pais, ameazando ós pais que se opoñían a que os seus fillos fosen humillados e maltratados diante dos seus compañeiros, coa expulsión dos mesmos. Sen embargo, para a Society of Teachers Opposed to Physical Punishment (profesores opostos ó castigo corporal -STOPP-), o problema é inverso; se os profesores pegan ós seus alumnos, terán maiores posibilidades de ser agredidos por eles. O Reino Unido é o único país europeo no que se permiten os castigos corporais como método de

disciplina e de educación; a lexislación deixa liberdade a cada centro educativo para elixi-lo seu sistema de disciplina, e os pais teñen poucas posibilidades de protestar contra o ministerio correspondente.

En Suecia, polos anos 1983-84, o Ministerio de Cultura realizou un estudio acerca do ensino escolar primario, e os resultados do mesmo indican que os profesores consideraban demasiado dura a súa profesión, alegando entre outras causas a gran agresividade dos alumnos cara ó profesorado, entre eles e tamén para o edificio escolar; tamén os alumnos, na súa maioría, manifestaban un gran descontento respecto á escola, á que consideraban como causante de estrés e angustia. No mesmo estudio, os profesores aludían ós factores que orixinaban a escola estresante e negativa para os alumnos, tanto o medio educativo coma o contorno socio-familiar; entre as pertencentes ó medio educativo, destacaban o paso brusco dun sistema de ensino autoritario a un sistema de máis liberdade e sen restriccións, sen un período de transición, o que conducía, segundo eles, a unha perda de disciplina mínima, que imposibilitaba un funcionamento normal.

Neste senso, en Italia houbo dous períodos totalmente diferentes nos derradeiros anos: un no que o problema da violencia era importante (sobre todo ó redor de 1977), no que os profesores e alumnos protestaban pola falta de preparación na súa educación, e un período

posterior (na década dos 80), no que o problema é totalmente diferente, xa que os alumnos mostran un gran desinterese pola escola, debido sobre todo á gran extensión que ten a drogadicción.

Nos Estados Unidos de Norteamérica dáse un fenómeno singular: a medida que a violencia nas escolas primarias foi descendendo (nos primeiros anos da década dos 80), nas escolas de secundaria foise incrementando, tanto entre alumnos coma cos profesores e co material escolar; entre os principais responsables deste incremento, parece ser que ocupan un lugar importante o alcol e a droga. Así mesmo, as aulas parecen se-lo lugar menos elixido do Centro Escolar para as conductas violentas, aínda que parece depender esta violencia da materia e da habilidade do profesor. Segundo estes estudos, realizados polo Instituto Nacional de Educación, os lugares máis propicios para as manifestacións agresivas son o patio (no momento do recreo), os corredores (nos cambios de clase), os lavabos e as canchas deportivas. Entre as causas ás que aluden os ditos estudos, parece ser que o espírito competitivo da propia sociedade e as diferencias socio-culturais son as que máis peso teñen sobre a aparición da agresividade e a violencia nos Centros escolares, que aínda que se detectan en tódalas fases escolares, teñen un nivel moi elevado na escola secundaria. Sen embargo, segundo un informe da Federación Unida de Profesores, parece ser que nos derradeiros anos a violencia e o vandalismo diminuíron considerablemente, algo

que, segundo dito informe, se debe a un aumento na calidade de ensino, ós efectos da situación socioeconómica e á volta, nalgúns casos, dos alumnos ós valores tradicionais da sociedade. Sen embargo, as estatísticas que apareceron na década dos 80 presentan cifras preocupantes, cunha media anual de 100 asasinatos, 12.000 roubos a man armada, 200.000 agresións entre alumnos, e entre alumnos e profesores, e uns 50.000 millóns de pesetas de custo nas reparacións escolares, causadas por estragos feitos polos alumnos.

En España, a situación tamén é preocupante, xa que diversos estudos realizados en centros españois (Fernández e Quevedo, 1991) revelan a existencia dun 15% de alumnos que consideran as aulas como un lugar de sufrimento, debido ás calificacións e ós propios compañeiros; os mesmos datos aparecen cando se trata de malos tratos, xa que 17 de cada 100 alumnos afirman haber sido maltratados de forma repetida (agresións verbais, roubos e agresións físicas). Así mesmo, os lugares onde soen ocorrer con máis frecuencia estas condutas violentas son o recreo e a aula, sendo ademais frecuente que haxa deterioros provocados, sen mencioná-las condutas violentas cos profesores, e que son un motivo máis de agresividade infantil que se manifesta na escola.

Por outra banda, tamén soen ser obxectivo das condutas violentas e agresivas os centros educativos do Estado, producindo neste caso unha gran

preocupación nas administracións correspondentes, debido ós grandes gastos que supoñen tódolos anos as reparacións destes danos; observacións realizadas polos equipos educativos de diversos concellos (entre eles, o de Madrid e de Huelva) parecen apuntar, como causa deste vandalismo, á pouca identificación que soe te-lo edificio escolar entre os habitantes do barrio no que se encrava, debido entre outras cousas a que este non contribúe a unha boa identificación cos cidadáns ós que serve; nalgúns casos, o utiliza-los centros como medio de dinamización socio-cultural do barrio, xunto coa utilización das súas dependencias (entre elas, o salón de actos e as canchas de deportes), servíu para orixinar un descenso importante nos actos de vandalismo sobre o mesmo.

A IMPORTANCIA DA TELEVISIÓN NA APRENDIZAXE DE COMPORTAMENTOS AGRESIVOS

Cando se fala da relación que ten a televisión na aparición e reforzamento das condutas agresivas do ser humano, estamos a analiza-lo valor educativo e formativo que poden te-los programas televisivos nas manifestacións conductuais dos nenos, que forman unha gran parte dos receptores dos devanditos programas. A influencia da televisión pode caracteriza-lo desenvolvemento de certas condutas no ámbito familiar e escolar, incentivando ou rexeitando a aparición das mesmas; neste senso, imos facer referencia a unha serie

de estudos que intentaron avalialo contido dos programas televisivos e a súa influencia na poboación infantil.

Milgrand e Shotland (1973) intentaron observa-la programación infantil da televisión americana, e observaron que cerca do 70% dos programas estudados nun período de seis anos contiñan como mínimo un incidente violento, sendo a taxa destes a de 8 por hora; a miúdo, estes actos agresivos eran presentados como medios exitosos para manexar conflitos. Ó respecto, Adorno (1966) afirma que os debuxos animados teñen un efecto que comunmente non se capta, o de machacar no neno a antiga verdade de que o mal trato continuo e o quebrantamento da vontade individual son as condicións de vida desta sociedade; os personaxes reciben patadas para que o espectador se habitúe ás súas; e polo tanto, cando ós pequenos lles chega o momento de reproducir-la conducta agresiva como adultos, utilízana como instrumento para valerse ante a competencia e insolidariedade desta sociedade, que no seu conxunto tende a aprobar estas condutas.

Para Milgrand e Shotland, non é necesario que os suxeitos da violencia sexan humanos, xa que esta ten o mesmo poder manifestada en calquera criatura, o que sobre todo ven os nenos. Ó respecto, os nenos pequenos, relativamente, non iniben a agresión observada, por iso os efectos de imitar e miralos programas violentos son menos exitosos e complexos ca en nenos maiores; durante os primeiros anos de escola

os nenos reciben prohibicións contra as súas expresións agresivas, de aí que ó verlos programas con violencia, vólvense ansiosos. Segundo estes estudos, os nenos que se volven máis ansiosos ó mirar programas violentos son menos complexos e propensos a mostrarse agresivos no futuro; sen embargo, despois de moitas visualizacións de escenas violentas, a ansiedade vaise reducindo, e os nenos endurecéense fronte á violencia (ó vela moito), polo que no futuro esta ansiedade non lles impedirá ser agresivos.

Desta forma, os nenos que tenden a ver moitos programas violentos na televisión, xeralmente responden afirmativamente á pregunta, *unha pelexa é a mellor forma de conseguilo que un quere*; estar de acordo con esta proposición e outras como, *unha pelexa é a mellor maneira de solucionar unha cousa para sempre* é considera-la agresión como unha forma efectiva de solucionar conflitos, o que incrementa a conducta agresiva e, ademais, a actitude agresiva. Así, Feshbach e Singer (1971) comprobaban, nuns estudos sobre a observación ó longo dun período de dez anos, que os nenos tenden a incrementa-la súa conducta agresiva co maior número de programas de violencia que ven na televisión; podemos observar nestes estudos como os nenos de 3º curso de primaria eran máis agresivos (cunha tendencia maior significativamente respecto ós demais), canto máis violencia observaban nos programas televisivos, feito este que mostraba unha correlación máis significativa nos varóns que lo graban acceder á Universidade, mostrando

estes maior agresividade e conductas violentas canto máis violencia observaran a través da TV.

Pode ser que nestes estudos lonxitudinais aparezan efectos acumulativos que desvirtúen os resultados, sen embargo hai outros efectos que provocan a observación da violencia na TV; ademais de provocar incrementos das conductas violentas, reducen a frecuencia de conductas de autocontrol, de tolerancia á frustración, de respecto social, así como conductas de interacción e cooperación cos demais seres humanos; a televisión soe crear seres illados, e substitúe conductas de relación e intercambio social importantes para o desenvolvemento individual e da propia sociedade, polo que non é que se considere como un elemento negativo, senón que, como todo instrumento educativo, debe ser utilizado racionalmente con fins de incrementa-la capacidade social, creativa e de supervivencia do individuo no seu medio. Non dubidamos que é necesario realizar máis estudos sobre as influencias e efectos que teñen os programas violentos nos nenos, pero tamén é evidente que a televisión é un medio educativo moi importante, e cada vez máis partícipe na vida real dos rapaces, polo que contribúe de forma relevante á formación dos mesmos.

A INTERVENCIÓN SOBRE A AGRESIVIDADE INFANTIL DENDE A PERSPECTIVA FAMILIAR E ESCOLAR: O ENSINO E A APRENDIZAXE DE VALORES E NORMAS SOCIAIS

A complexidade da agresividade e a violencia infantil é un dos problemas primeiros cos que nos atopamos á hora de intentar solucionar-las conductas dos nenos que crean dificultades no desenvolvemento do seu grupo (xa sexa familiar, escolar ou calquera outra agrupación social). Bandura (1973) afirma que é imposible educar a un neno a vivir felizmente nun medio social destrutivo; a solución deste problema, segundo Bandura, esixe un ataque frontal das familias e das escolas, que é onde aprenden as devanditas conductas.

A busca de solucións implica a creación dun proceso de ensino e aprendizaxe socializador, creador de normas e valores, que camiñen ata unha disciplina concibida como resultado do proceso educativo, onde cada individuo coñeza e interiorice as normas e valores da propia comunidade, o que lle posibilitará non só unha adaptación á mesma comunidade senón tamén un bo desenvolvemento e actuación dentro dela; neste senso, non é a comunidade quen oprime o individuo coas súas normas, senón que é o individuo quen ve a necesidade dunhas normas para desenvolverse nesa comunidade, para falar e escoitar, para actuar e interaccionar.

Neste caso, a conducta agresiva ou violenta temos que entendela como un proceso de inadaptación social do individuo que a realiza, e polo tanto un problema educativo, sen restar importancia ás outras áreas intervinientes na mesma agresividade, a aportación das cales é imprescindible para establecer unha boa adaptación social e promove-la socialización de ditas conductas. Falar de problema educativo é apuntar cara a unha intervención educativa que recolle aspectos tanto individuais para os suxeitos que teñen dita problemática coma aspectos institucionais para a propia familia ou escola, de intervención educativa xeral, creando e favorecendo un clima de cooperación, de respecto e axuda mutua, na que os conflitos que se orixinan teñan as oportunas canalizacións. Neste senso, cando falamos de intervención sobre o neno, estamos facendo referencia ós dous ambientes nos que desenvolve a maior parte da súa vida: o escolar e o familiar; imos ver a continuación unha serie de actuacións que se poden realizar para previr ou intentar resolve-lo que consideramos como agresividade ou violencia infantil. Aínda que non é a única forma de intervención, é importante destaca-la relevancia que ten a educación familiar e a escola na solución das diversas formas de inadaptación que pode te-lo individuo, á vez que o pode dotar dos medios necesarios para desenvolverse na súa sociedade.

A nivel *familiar*, a intervención irá dirixida a conseguir-lo fomento da comunicación entre os pais e os fillos e a

orienta-los mesmos, intentando que desaparezan as variables que poden causar frustracións ou dificultades de desenvolvemento do propio neno; o especialista ou especialistas que procuren unha intervención sobre as conductas violentas infantís deben ter en conta que unha primeira fase do problema é a de achegamento ó mesmo, a través da cal estudiará as posibles causas ou dificultades que pode te-lo xove violento, tanto de índole social (nivel económico, nivel cultural, illamento familiar e social, etc), coma de índole comunicativa e estrutural dentro da familia (relación cos pais, irmáns, dificultades de comunicación, malos tratos, ambiente familiar, etc.). Moitas veces, ademais da axuda especializada, esta problemática poderá necesitar de axuda social (asistencia social, etc.), que potencien os recursos familiares, tanto a nivel económico coma de integración social e superación de dificultades sociais (intervención cos pais noutros programas, de drogodependencia, alcolemia, etc.).

Neste senso, Garrido (1990) fai referencia a unha serie de programas que tiveron certo éxito neste tipo de intervención familiar; un deles baséase no adestramento de pais, caracterizándose polo ensino ós mesmos, como axentes de cambio das conductas problemáticas dos seus fillos; neste programa, proporcionáselles ós pais a información básica acerca do proceso de desenvolvemento do seu fillo, e a asistencia á hora de identificar conductas apropiadas e non apropiadas dos seus fillos; isto ía á vez

apoiado nun bo funcionamento interactivo de comunicación pais-fillos, facilitándolles habilidades de comunicación, negociación e solución de conflitos. Algunhas veces, esta intervención ten que ir establecida sobre un cambio de definición familiar da conducta violenta, así como de consideración da familia acerca do neno. Outra estratexia que é importante prever (cando existe) é suprimir a agresión dentro do núcleo familiar (xa sexa entre os pais ou cos nenos), xa que é un indicador de risco da conducta delictiva na xuventude. Ó mesmo tempo, débese posibilitar ó neno un ensino de certas técnicas de autocontrol e medidas disciplinarias alternativas á violencia, de relación, de comunicación e de apoio familiar.

A nivel *escolar* hai dúas dimensións que podemos observar nesta intervención, e que é necesario ter en conta, á vez que deben ser complementarias. A nivel de institución escolar, esta debe intervir na prevención do fracaso escolar, causa da inadaptación dos nenos á escola, e orixe de moitas frustracións infantís, xa sexa posibilitando medidas de apoio e recuperación dos nenos con déficit na aprendizaxe, xa sexa potenciando as aprendizaxes de cada neno, cunha intervención individual e potenciadora dos desenvolvementos de cada neno; ademais, dende a institución escolar, débese velar pola disciplina e educación de normas e valores dos nenos, no senso de posibilitalo protagonismo dos alumnos tanto na creación e configuración das normas escolares coma na súa aplica-

ción, facilitando que a disciplina sexa un procedemento educativo máis dos currículos escolares, potenciando o diálogo como instrumento de superación de conflitos e facilitando a autonomía dos alumnos. Así mesmo, debe pretendese unha relación cooperativa cos pais, implicando a estes no funcionamento escolar, unha mellora no clima da aula, e unha educación vocacional, velando porque o funcionamento comunitario prime sobre o individual.

En concordancia co anterior, unha segunda dimensión desta intervención escolar é a nivel de aula, e aquí débese posibilitar ó alumno unha participación activa, potenciando as conductas cooperativas dentro da mesma, impulsando a discusión e o debate, e traballando con técnicas que posibiliten esta cooperación, baseadas na comprensión do discurso do outro (por ex.: o xogo de cambio de roles que permite e facilita a comprensión do compañeiro; a dramatización, que permite a descentración das propias ideas, etc); ademais, nas aulas débese pretende-la aprendizaxe de conductas sociais, de servicio ós demais, facendo explícitas as normas e valores da escola, e aproximando ó neno diversos comportamentos extensibles a situacións fóra da mesma (proporcionando sucesos que representan conductas a aprender, ensaiando conductas, favorecendo o desenvolvemento dun bo autoconcepto dos alumnos e posibilitando que os alumnos poidan facer valoracións sobre as distintas conductas que poden aparecer na aula).

En definitiva, do que se trata é de que o alumno vexa non só as normas explícitas que deben supoñer un bo funcionamento, senón tamén a necesidade da existencia de esas normas, das que pode ser partícipe na súa elaboración ou non, suxeito ou obxecto delas, elemento activo ou pasivo no seu desenvolvemento e aplicación. Toda estratexia que leve

consigo unha maior participación, autonomía e razoamento crítico do alumno, estará potenciando o seu desenvolvemento persoal e social, co que se estará prevendo, en gran medida, a aparición de condutas agresivas e violentas, así como potenciando a existencia de condutas reflexivas e de convivencia social.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Adorno, T. (1966): *Sociológica*, Taurus, Madrid.
- Amado, G. (1971): *La observación de los niños difíciles*, Laia, Barna.
- Bandura, A. (1973): *Aggression: a social learning analysis*, N.J.:Prentice-Hall
- _____ (1982): *Teoría del aprendizaje social*, Espasa-Calpe, Madrid.
- Benedict, R. (1971): *El hombre y la cultura*, Edhasa, Madrid.
- Berkowitz, L. (1977): *El niño problema: diagnóstico y tratamiento*, Paidós, Buenos Aires.
- Eysenck, H. (1967): *Delincuencia y personalidad*, Marova, Madrid.
- Fernández, I., e G. Quevedo (1991): "Como te chives.... ya verás", *Cuadernos de Pedagogía*, 193, 69-72.
- Feshbach, S., e R.D. Singer (1971): *Television and aggression: an experimental field study*, Jossey-Bass, San Francisco.
- Garrido, V. (1990): *Pedagogía de la delincuencia juvenil*, Ceac, Barna.
- Goldstein, A. (1978): *Prescripción for child mental health and education*, Pergamon, Nova York.
- Goodenough, F. (1961): "The expresions of the emotions", *Infancy Child Development*, 2, 96-101.
- Hartmann, D. (1969): "Influence of symbolically modeled instrumental aggression and a pain cues on aggressive behavior", *Journal of Personality Psychology*, 11, 280-288.
- Herd, J. (1972): "Physiology of strong emotions", *Physiologist*, 15, 5-14.
- Izquierdo, C. (1980): *La delincuencia juvenil en la sociedad de consumo*, Mensajero, Madrid.
- Jersild, A. (1969): *El niño en la escuela*, Paidós, Buenos Aires.
- Johnson, R.N. (1972): *Aggression in man and animals*, Saunders, Philadelphia.
- Klein, M. (1967): *Essais de Psychanalyse*, Payot, París.
- Levi, L. (1975): *Emotions: their parameters and measurement*, Raven Press, Nova York.
- Levobici, S., e Y. Roumajon (1960): "L'adolescent et les bandes", *Hygiène Mentale*, 49, 259-277.
- Lewin, K. (1965): *El niño y su ambiente*, Paidós, Buenos Aires.
- Lewis, N. (1975): *El lenguaje secreto del niño*, Martínez Roca, Barcelona.
- Lorenz, K. (1976): *Sobre la agresión: el pretendido mal*, Siglo XXI, Madrid.
- Makarenko, A. (1977): *La colectividad y la educación de la personalidad*, Progreso, Moscú.
- Wallon, H. (1965): *Del acto al pensamiento*, Paidós, Buenos Aires.
- Werstch, J. (1988): *Vygotski y la formación social de la mente*, Paidós Barna.
- Zulliger, H. (1979): *Los niños difíciles*, Morata, Madrid.
- Mead, M. (1978): *Sexo y temperamento en las sociedades primitivas*, Laila, Barna.

Milebamane, B. (1975): "Percepción of the childrearing attitudes and a practiques of the father by delinquets and normals", *Canadien Psychiatric Assistance Journal*, 20, 299-303.

Milgrand, S. (1980): *Obediencia a la autoridad*, Desclée de Brower, Bilbao.

Mildgrand, S., e R.L. Shotland (1973): *Televisión and antisocial behavior: field experiments*, Academic Press, Nova York.

Montagu, A. (1978): *La naturaleza de la agresión*, Al. Ed., Madrid.

Theilgaard, A. (1983): "Aggression and the XYY personality" *International Journal Law&Psychiatric*, 6, 413-421.

Vygotski. L. (1973): *Pensamiento y lenguaje*, La Pléyade, Buenos Aires.

Varios: "Educación moral" *Cuadernos de Pedagogía*, Tema do mes, 201, 7-31.